

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 2

SESION ORDINARIA DO 31 DE XANEIRO DE 2011

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velooso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martíño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota
Romero Rodríguez, Begoña

NON ASISTE:

Díaz Vázquez, Raquel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e trinta e oito minutos do día trinta e un de xaneiro do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnense os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira,

López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz, Romero Rodríguez e Veloso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste a Sra. Díaz Vázquez. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello convocado por orde do día do 27 de xaneiro para as nove horas, aínda que o comezamos ás nove e media por un problema técnico-eléctrico. Constatamos quórum. Sesión pública. Iniciamos a orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1.- (2).- ACTAS ANTERIORES .(SESIÓNS ORD. 25.10.10 E EXTRAORD. 08.11.10)

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Díaz Vázquez).

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións do Pleno da Corporación ordinaria do 25 de outubro e extraordinaria do 8 de novembro de 2010.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

No se formularon.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

XESTIÓN MUNICIPAL

3.1.- (4).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO. EXPTE. 1592/500 (109/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 14 de xaneiro de 2011 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local, no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 17 de xaneiro, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, co visto e praxe do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

O interventor Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 19 de xaneiro, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 24 de xaneiro, ditaminou favorablemente.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local:

4.- Tarifas.

Epígrafe E) Mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa:

(Suprímese o parágrafo relativo á tributación trimestral)

(Suprímese o parágrafo relativo á tributación mensual)

Por m2 ou fracción e por ano ou fracción:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
32,07	16,76	14,30	12,54	12,54	4,52 €

En caso de existiren toldos ou parasoles de protección que delimiten unha superficie superior á delimitada polas mesas e cadeiras, tomarase aquela como base de cálculo.

ARTIGO 5.- PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

Para os aproveitamentos sinalados no epígrafe e) do artigo 1º, o período impositivo coincidirá co ano natural.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª.- Esta modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación para o exercicio 2011, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Explicación de voto do Sr. Conde Gil, polo Grupo Popular:

Votamos a favor da modificación desta ordenanza fiscal porque, coma así o manifestamos ó longo dos distintos plenos, imos estar sempre co goberno cando este tome medidas que redunden en baixar os impostos ós cidadáns. Pero tamén temos que ter en conta que esta baixada de impostos non é un tema voluntario do goberno porque senón o poderían facer no momento de aprobación das

ordenanzas, ven imposto pola necesidade de acatar o tema da coñecida como “Lei anti-tabaco”.

Vostedes non tiñan a vontade de baixar os impostos polo que lles dicía porque senón no seu momento, cando se aprobaron inicialmente as ordenanzas, poderían ter aproveitado para facer caso do que dicía o Partido Popular daquela e ter realmente unha vontade de baixar eses impostos. Pero preferiron seguir a liña dos subir e agora, co problema que creou a coñecida como “Lei anti-tabaco”, vense na necesidade de favorecer dalgún xeito que se poidan instalar terrazas no dominio público para facer fronte a esas circunstancias.

Insisto en que votamos a favor desta aprobación inicial nese ánimo. Animámoslos e invitámoslos a que fagan outras modificacións que antes non quixeron e que rebaxen os impostos ós cidadáns. Ademais é curioso que recoñecen que malia rebaxar un 50% non vai haber mingua nos ingresos e por iso terán que dar algún tipo de explicación ó respecto.

O Partido Popular vai estar sempre a favor de que se lles cobren menos impostos aos cidadáns porque coidamos que é a mellor fórmula para aminorar a situación de crise na que vivimos.

Explicación de voto do Sr. López Font polo Grupo Socialista:

Á vista da manifestación do Grupo popular, hai que dicir que a “Lei anti-tabaco” xa se coñecía, votouse a favor polo Partido Popular e cando se debateron as ordenanzas e o orzamento o Partido Popular non fixo ningunha proposta de redución das taxas que hoxe traemos nesta modificación.

Pedín explicación de voto porque me parece dun oportunismo político moi grave censurar unha medida que favorece ós sectores económicos e sociais desta cidade.

Sr. Conde, este goberno si que é o goberno que está a favor de baixar os impostos e en todos os debates orzamentarios e de ordenanzas así o demostrou a concelleira de Facenda coa extensión da exención ó maior número posible de familias. Lémbrolle que fronte ás cincuenta familias que a Sra. Porro beneficiou cando o Partido Popular gobernaba este Concello, este goberno estendeu as exaccións a moitas máis.

3.2.- (5).- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS NO TRAMO FINAL DO RAMAL 2 DA RÚA RECARÉ. EXPTE. 511/244 (108/1101).

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido en data 20 de decembro de 2010 polo xefe de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

ANTECEDENTES

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Real Decreto do 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

1.- Por decreto do concelleiro delegado de Patrimonio de data 3 de xullo de 2009 resolveuse: 1º.- Declarar a innecesariedade da apertura de oficio dun expediente de recuperación posesoria do camiño que consta no IMBD como ramal 2 da rúa Recaré, ao non resultar constatado de xeito indubidable, tralo estudio previo dos informes e documentación que obran no expediente, o seu carácter público. 2º.- Iniciar procedemento de rectificación do IMBD para a baixa no epígrafe I Vías Públicas do ramal 2 da rúa Recaré, no seu tramo final dende a propiedade nº 19 de dita rúa.

2.- Notificada a resolución aos interesados no expediente e á Entidade Local Menor de Bembrive, no prazo outorgado para formulación de alegacións e presentación de documentación, efectuáronse por D. José Cesar Alvarez Domínguez en data 08/10/2010 manifestando o carácter privado do camiño e solicitando a súa baixa no Inventario Municipal.

3.- Na instrución do procedemento emitíuse informe polo servizo de cartografía da Xerencia de Urbanismo na data do 14 de decembro de 2010 no que achega plano do estado actual e proposta referida á desafectación parcial do ramal 2 da rúa Recaré, quedando cunha lonxitude de 42,50 ml e unha anchura variable entre 3,10 e 4,50 m, consonte á resolución do concelleiro delegado de Patrimonio de data 3 de xullo de 2009.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O Ramal 2 do camiño Recaré, obxecto do presente expediente, figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles-viais, folla cartográfica nº 21-30, con inicio no camiño Recaré e remate no camiño Recaré, dunha lonxitude de 95 ml e sección de 2 m.

2º.- O Inventario Municipal de bens e dereitos é un rexistro administrativo que, se ben por si mesmo non proba, crea, nin constitúe dereito ningún a prol da Administración (neste senso o art. 33.4 da LPAP sinala, en relación á Administración Xeral do Estado que, o Inventario non ten a consideración de rexistro público e os datos nel reflectidos non producen efectos fronte a terceiros nin poden ser empregados para facer valer dereitos fronte á propia Administración), sen embargo constitúe unha ferramenta básica de información e na xestión interna do patrimonio das administracións públicas, así como para o exercicio das facultades que o ordenamento xurídico recoñece ás AAPP respecto ao seu patrimonio.

A inclusión de bens e dereitos en dito rexistro municipal, tal e como dispón a normativa patrimonial de aplicación, acadarase en función daquela documentación en virtude da cal se atribúa a súa titularidade ao Concello, e conseguintemente referente os datos reflectidos no inventario. Dita documentación deberá archivarase de xeito separado do resto da documentación administrativa e o seu lugar de arquivo constara consignado no propio inventario (art. 30 do RBEL).

Para o correcto cumprimento de ditos fins, requírese dunha constante actualización e revisión dos seus rexistros, adecuándoos á realidade resultante da propia actuación administrativa, de tal xeito que os seus datos sexan reflexo da realidade patrimonial da Administración, prevéndose regulamentariamente unha rectificación anual e a súa comprobación cada vez que aconteza a renovación da Corporación (art.33 RBEL).

3.- Circunscribíndose ao que é obxecto da resolución administrativa a adoptar, a correcta inclusión no inventario municipal de vias do tramo final (dende a propiedade nº 19) do ramal 2 do camiño Recaré, pódese deducir, trala instrución do expediente e a teor dos informes técnicos, documentación e demais circunstancias concorrentes, a súa incorrecta inclusión no epígrafe I Inmobles-Viais do IMBD, ao non responder na realidade a un camiño de uso público de titularidade municipal, presentándose a necesidade de proceder á súa rectificación no inventario de vias, actualizando os seus datos e planimetría coa finalidade de axustar dito rexistro á realidade patrimonial do Concello resultante do expediente tramitado, e de acordo coa proposta que ao efecto fai o topógrafo municipal en data 14 de decembro de 2010, sen que en modo ningún supoña un recoñecemento da propiedade ou titularidade dominical do tramo do camiño rectificado, cuestión esta que compete a xurisdición ordinaria.

4.- Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL)."

Visto o anterior o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 24 de xaneiro de 2011, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente a concelleira Sra. Díaz Vázquez do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a inscrición e grafía (folla 21-30) como vía pública, no epígrafe I Inmubles-Vías, do tramo final do ramal 2 da rúa Recaré, dende a propiedade nº 19 ata o seu final, resultando o ramal 2 con inicio na rúa Recaré, remate na propiedade nº 19, lonxitude de 42,50 metros lineais e anchura variable de 3,10-4,50 de acordo coa proposta do xefe de Cartografía de data 14.12.2010.

Segundo.- Someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes aos efectos de resolver eventuais reclamacións.

Terceiro.- O presente acordo quedará automaticamente aprobado como definitivo se transcorrido o prazo anterior non se presentara ningunha reclamación ou alegación, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que a este efecto se expida polo Rexistro Xeral.

3.3.- (6).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO PLENARIO DO 07.09.09, DE SOLICITUDE DE DESAFECTACIÓN DE VIAIS NO BARRIO DA SALGUEIRA. EXPTE. 12076/240 (106/1101).

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido en data 16 de decembro de 2010 polo técnico de administración xeral da Unidade de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- RDL 781/1986 do 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP e PAC).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- RD 1372/1986, do 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

ANTECEDENTES DE FEITO:

1.- O Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día sete de setembro de 2009, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Declarar a titularidade municipal dos seguintes terreos:

“1) Urbana.- Terreo actualmente destinado a camiño de servizo de varios terreos de cinco metros de ancho por uns cento sesenta metros de longo ou sexa de dunha medida aproximada de oitocentos metros cadrados, na denominación de “A Luisa”, no lugar de A Salgueira, parroquia de San Pedro de Sárdoma, municipio de Vigo.- Linda: norte, con terreo de don Antonio Quintana, herdeiros de González Casuso, terreo do Bispado Tui-Vigo e outros; sur, coas casas un e tres de herdeiros de dona Concepción López Fernández e diversas casas e terreos; este, co camiño da Salgueira, e oeste, con camiño que intermedia do Grupo Sindical de La Salgueira.

2) Urbana.- Terreo actualmente destinado a camiño de servizo ao nomeamento de “A Luisa”, no lugar de A Salgueira, parroquia de Sárdoma, do municipio de Vigo, de cinco metros de ancho por uns cen metros de longo ou sexa unha medida aproximada de cincocentos metros cadrados e linda: norte, con casas e soares de don Marcial Rodríguez, Evencia Porto e outros varios; sur, con terreo de Ventura Quintela “Peitán” e nunha pequena parte máis de dona Concepción López; este, terreo da mesma dona Concepción López, e oeste, camiño que intermedia das Casas Sindicais.

3) Urbana.- Terreo actualmente destinado a camiño de servizo de varios terreos dunha media de cinco metros de ancho por uns sesenta metros de longo ou sexa uns trescentos metros cadrados, ao nomeamento de “A Luisa”, no Lugar de A Salgueira, parroquia de Sárdoma, do Municipio de Vigo.- Linda: norte, co terreo a camiño que dá acceso ao Grupo Sindical dende o Camiño de A Salgueira; sur, con terreo de Ventura Quintela “Peitán”; este, coa casa sinalada co número tres do barrio de A Salgueira, de dona Concepción López, e oeste, parcelas de Antonio Rosendo, José Fernández e outros.

4) Urbana.- Terreo actualmente destinado a camiño de servizo de varios

terreos dunha media de cinco metros de ancho por uns cento vinte metros de longo, ou sexa seiscentos metros cadrados, ao nomeamento de "A Luisa", no lugar de A Salgueira, parroquia de Sárdoma, deste municipio.- Linda: norte, con casas e terreos de don Luis González Cobos, Joaquín Iglesias e outros varios; sur, tamén casas e terreos de don José Amoedo, Blanca Pérez, José Fernández e outros varios; este, camiño de Concepción López, e oeste, camiño que intermedia das Casas Sindicais.

5) Urbana.- Parcela de terreo a soar da medida aproximada de trinta e un metros vinte decímetros cadrados, ao nomeamento de "A Luisa", no lugar de A Salgueira, parroquia de Sárdoma, deste municipio.- Linda: oeste ou fronte, en liña de cinco metros, cinco centímetros, con camiño que intermedia das Casas Sindicais; este ou costas, terreo de Ventura Quintela "Peitán", en liña de cinco metros quince centímetros; norte ou esquerda, en liña de seis metros vinte centímetros, con camiño aberto de Concepción López, e dur ou dereita, en liña de seis metros oito centímetros con casas de Manuel".

O terreo sinalado co nº 1 forma parte do vial público denominado RU SALGUEIRA ENTRADA, que figura inventariado baixo o código de rueiro 10920. Os terreos sinalados cos nº 2, 3 e 4 forman parte do vial público denominado BA FINCA DONA CONCHA, que figura inventariado baixo o código de rueiro 04630. O terreo sinalado co nº 5 é parte integrante da Alameda da Salgueira inventariada co código de propiedade nº 109.

2º.- Proceder a rectificación do Inventario da propiedade municipal nº 109, Alameda da Salgueira, ó obxecto de modificar a súa cabida incluíndo na mesma a superficie correspondente o terreo nº 5, que se describe a continuación:

Urbana.- Parcela de terreo a solar da medida aproximada de trinta e un metros vinte decímetros cadrados, ao nomeamento de "A Luisa", no lugar de A Salgueira, parroquia de Sárdoma, deste municipio.- Linda: oeste ou fronte, en liña de cinco metros, cinco centímetros, con camiño que intermedia das Casas Sindicais; este ou costas, terreo de Ventura Quintela "Peitán", en liña de cinco metros quince centímetros; norte ou esquerda, en liña de seis metros vinte centímetros, con camiño aberto de Concepción López, e sur ou dereita, en liña de seis metros oito centímetros con casas de Manuel".

3º.- Dar traslado do presente acordo ó Rexistro da Propiedade ós efectos de promover a concordancia entre o Rexistro e a realidade".

O devandito acordo foi notificado a D^a Eustaquia Clavo Pajares o día 28 de setembro de 2009.

2º.- Con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do día 26.10.2009, interponse por D. Antonio Salgado Clavo, recurso de reposición contra o devandito acordo, solicitando se declare a suspensión da execución do acto impugnado por concorrer a circunstancia de omisión de documentos claves que figuran no Arquivo Municipal e que podería ser constitutivo dun presunto ou posible delito de prevaricación por parte dos funcionarios que levaron a cabo a

investigación, dado o dano patrimonial causado aos recorrentes tras dez anos de espera do acordo plenario contemplado no referido expediente 12076/240.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai no tempo e na forma establecidos nos arts. 116 e 117 LRXAP e PAC.

SEGUNDO.- O recorrente, no seu escrito, basea o seu recurso en que o devandito acordo plenario deriva dun informe elaborado pola técnica de administración xeral da Unidade de Patrimonio deste Concello que nace como consecuencia dun acordo plenario do 30 de setembro de 1999, no que se acordou incoar expediente administrativo de investigación para determinar a condición de vías públicas municipais dos viais correspondentes referenciados no expediente 12076/240, na Finca de dona Concha, no barrio de A Salgueira, expediente no que se especifica a realización de distintos trámites, pero en ningún momento, se tivo en conta a aparición dun documento de valor esencial, de data 12 de abril de 1956, que é a contestación a unha instancia presentada por D^a Concepción López Fernández, solicitando se fixera constar na escritura de venda duns terreos na Salgueira, que o paso de servidume que cedeu ao Concello quedara exento de contribucións especiais.

TERCEIRO.- En relación a tales alegacións, hai que sinalar que o artigo 107.1 da LRXAP e PAC establece que o recurso de reposición poderá fundarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da devandita Lei.

No presente caso, non se aprecia que os motivos alegados polo recorrente poidan entenderse incluídos en ningún dos supostos previstos nos devanditos artigos.

E isto porque, sen entrar no fondo do asunto, é de salientar que para elaborar o informe-proposta que a técnica de administración xeral da Unidade de Patrimonio propuxo para a aprobación do Pleno, xa tivo en conta tal documento, como se deduce dos seguintes documentos, que constan no expediente:

1) Informe do técnico de administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 06.06.07, no punto *“Breve exame da reclamación presentada por don Antonio Salgado Clavo e dona Eustaquia Clavo Pajares.-”* xa consta que se tivo en conta tal documento, cando di:

“(...) No expediente consta tal extremo, no sentido que a Comisión municipal Permanente do 21.03.56 acordou o seguinte: (...) En virtud de instancia presentada por usted con fecha 9 de enero del corriente, solicitando se haga constar en la escritura de venta de unos terrenos en la Salgueira, que el paso de servidumbre que cedió al Ayuntamiento quedaría exento de Contribuciones Especiales al ser pavimentada (...) por la Comisión M. Permanente en sesión de 21 de marzo cte. se ha acordado aprobar un dictamen de la Comisión de Hacienda que copiado dice: <Esta Comisión en sesión celebrada en el día de ayer y visto el contenido de la presente

instancia por la que D^a Concepción López Fernández solicita se haga constar en la escritura de venta de unos terrenos en la Salgueira, que el paso de servidumbre que cedió al Ayuntamiento quedará exento de contribuciones especiales al ser pavimentado. Visto asimismo los informes que anteceden de los Srs. Asesor Técnico de Hacienda y Letrado Asesor Auxiliar, la Comisión acuerda proponer que al verificar las obras el Ayuntamiento debe incluirse como contribuyente a la reclamante por establecerlo con carácter obligatorio el artículo número 2 de la Ley de Régimen Local, por lo que se refiere a contribuciones por aumento de valor esas obras no dan lugar a aumento de valor por (...) a contribuciones por beneficios se incluya igualmente a la solicitante si bien al fijar el importe de esta imposición deberá compensársele la cantidad que se determine como valoración de la parcela cedida por dicha señora al Ayuntamiento> (...)"

4º Informe do xefe de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica do Concello, de data 13.03.08, no que, no seu antecedente terceiro, dise:

"Trala venda dona Concepción López Fernández solicitou a exención de contribucións especiais polo pavimentado, que no seu día se realizase, do paso cedido ó Concello -que a solicitante cualificaba na solicitude de servidume-, pero a Comisión Municipal Permanente, en sesión do 21 de marzo de 1956, acordou que a solicitante debería ser incluída, no seu momento, entre os contribuíntes por este concepto, ó impoñelo así a Lei, pero que ó fixar o importe desta imposición debería compensárselle a cantidade que se determine como valoración da parcela cedida pola dita señora ó Concello."

E na consideración de dereito terceiro, sinala o seguinte:

"As afirmacións dos reclamantes canto a ocultación polo Concello de determinados documentos no recurso contencioso-administrativo no RC-A nº 02/4287/2000 e respecto dos pretendidos recoñecementos municipais do seu dominio sobre as fincas de referencia deben, igualmente, ser rexeitadas, por canto:

a) Consta na contestación á demanda desta Administración municipal no RC-A nº 02/4287/2000 a achega á mesma dos acordos da Comisión Municipal Permanente do 17 de agosto de 1955 e do Concello Pleno do 31 de agosto de 1955 e 30 de setembro de 1955, a virtude dos cales se acordou a adquisición da repetida parcela de 12.785 m² de superficie e a súa posterior cesión á Delegación Nacional de Sindicatos de FET de las JONS. para a construción de vivendas de renda limitada.

b) Pero, sobre todo, cumpre destacar que o demandante achegou, tamén, a súa demanda -antecedente de feito duodécimo, apartado 1º- copia da escritura pública de venda de 26 de setembro de 1955; escritura xa analizada, que consigna e executa o acordo plenario do 31 de agosto de 1955 e da que resulta con toda claridade a propiedade municipal sobre a finca identificada como primeira das reclamadas.

c) *Igualmente chegou a actora no RC-A nº 02/4287/2000 -antecedente de feito duodécimo, apartado 2º- o documento de resposta do Concello de Vigo a instancia presentada por dona Concepción López Fernández o 9 de xaneiro de 1956 (doc. nº 2) en relación coa solicitude de exención de contribucións especiais polo pavimentado, que no seu día se realizase, do paso cedido ó Concello, que a solicitante cualificaba na solicitude de servidume.*

A resposta municipal de xeito ningún reconece o dominio da solicitante sobre a franxa de terreo cedida ó concello. Que a solicitante cualifique o terreo cedido como de servidume en nada desvirtúa as declaracións contidas na escritura pública de venda vistas máis arriba e a resposta da Comisión Municipal Permanente, en sesión do 21 de marzo de 1956, a devandita solicitude o que di é que a solicitante debería ser incluída (...)

3º E, por último, no propio informe-proposta, no antecedente quinto, a Técnica de Administración Xeral da Unidade de Patrimonio, fai constar que durante a substanciación do expediente de investigación realizáronse unha serie de trámites, entre os que figuran os dous devanditos informes.

CUARTO.- Corresponde ao Pleno do Concello, a resolución do recurso de reposición interposto contra o seu acordo de data 7 de setembro de 2009, de conformidade co disposto no art. 116.1 da LRXAP e PAC, previo informe da Secretaría do Pleno (artigo 53 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, RBEL)."

Visto o anterior, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

No expediente figura informe favorable emitido pola secretaria xeral do Pleno con data 30 de decembro.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 24 de xaneiro, ditamina favorablemente.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Antonio Salgado Clavo, contra o acordo do Pleno do Concello de Vigo, adoptado en sesión ordinaria do día sete de setembro de 2009, "13.- Solicitude de desafectación de viais no barrio

da Salgueira, formulada por D^a Eustaquia Clavo Pajares e outros. Expte. 12076/240”, xa que ningunha das alegacións do reclamante ten virtualidade suficiente para desvirtuar o acordo que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXAP e PAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal.

3.4.- (7).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 2/2011, CRÉDITO EXTRAORDINARIO. EXPTE. 118/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 20 de xaneiro de 2011 o Sr. Concelleiro delegado de Xestión municipal dirixe á Sra. Concelleira de Economía e Facenda a seguinte memoria:

“A ampliación do ámbito de actuación municipal nos últimos anos levando a cabo a prestación de servizos que non forman parte do núcleo básico de competencias que ven asignado pola normativa básica en materia de réxime local dentro do marco das políticas públicas, desembocou na execución de distintos programas para cuxa prestación se utilizaba tradicionalmente a modalidade contractual por obra ou servizo determinado de conformidade co réxime laboral. Non obstante, os obxectivos municipais de continuar nun elevado nivel de prestación de servizos e ofrecer ós cidadáns unha maior calidade de vida derivou nunha serie de dinámicas contractuais que unha vez examinadas polos tribunais da xurisdición social determinaron a existencia dunha categoría laboral atípica entre o persoal do Concello, o denominado "persoal laboral indefinido", que non é obxecto de regulación propia no seu réxime de dereitos e obrigas pola normativa de aplicación na materia.

Neste senso teñen recaído diferentes pronunciamentos recoñecendo dita categoría a persoal que estaba ligado ó Concello por un vínculo de relación laboral temporal ao abeiro do disposto no artigo 15 ET, como logo se verá; sen prexuízo de que ante eventuais reclamacións efectuadas por traballadores na situación laboral indicada poidan recaer novos pronunciamentos xudiciais ós que o Concello debe atender, dando resposta á execución nos seus propios termos ás sentenzas, así como á situación de transitoriedade que se produce ata dito momento. As referidas sentenzas requiren para a súa execución, tal e como veñen informando os técnicos municipais, a tramitación do correspondente expediente administrativo no que se leven a cabo as actuacións tendentes a avaliar a organización do correspondente servizo, e a natureza estrutural das funcións que desenvolve dito persoal, determinando en función do resultado de dita avaliación a continuidade na prestación do mesmo segundo a orientación das políticas públicas que resulten prioritarias en cada momento. Para o suposto de continuar na prestación do servizo procederase a instrumentar a

correspondente modificación do cadro de persoal, prevendo as correspondentes dotacións orzamentarias, para a inclusión das prazas e, por asociación, da relación de postos de traballo e conseguinte procedemento de selección nos termos regulamentarios. Indicar ó respecto que nos supostos de feito existentes xa se teñen iniciado, nunha primeira fase de estudo e análise, os traballos tendentes á execución dos pronunciamentos xudiciais.

Considerando que o primeiro efecto que se deriva da declaración do carácter indefinido da relación do traballador é que non se vai a producir a súa extinción no prazo inicialmente pactado, a Administración está obrigada a garantir a continuidade no exercicio das súas funcións e no goce dos seus dereitos, así como a prestación do servizo obxecto de análise por canto a declaración xudicial baséase en que o traballador realiza uns determinados cometidos estruturais para a organización empregadora. Non obstante a dilatación nos prazos para a execución de ditos pronunciamentos xudiciais podería provocar unha distorsión no funcionamento da nómina municipal, por canto resulta indubidable o seu dereito á percepción das retribucións que se devenguen polos servizos prestados e na imputación dos custes salariais dos traballadores laborais indefinidos no período transitorio que se produce ata a execución nos seus propios termos da sentenza, polo que resulta necesario realizar os oportunos trámites municipais a efectos de garantir a maior corrección nas nosas actuacións.

Non contando nos orzamentos municipais coa axeitada partida orzamentaria para a imputación dos custes que se deriven do pagamento da nómina dos traballadores que veñan sendo declarados como persoal laboral indefinido do Concello de Vigo, ata tanto non se complete a execución das respectivas sentenzas, solicítase desa Concellería que se realicen os trámites correspondentes, de conformidade co disposto no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e bases de execución orzamentarias, para proceder á cobertura orzamentaria axeitada de ditos créditos.”

ANEXO Á MEMORIA

As partidas orzamentarias de orixe e aplicación para a tramitación da correspondente modificación orzamentaria son as seguintes

Aplicación	Concepto	Emporte alta	Importe Baixa
9220.1430000	Retrib. Sentenzas relación laboral indefinida	490.535,06	
9220.1600001	SS. Sentenzas relación laboral indefinida	152.739,69	
2410.1310000	Contratación fomento de emprego		414.238,06
2410.1600001	SS. Programas de emprego		152.739,69
2310.1310001	Retribucións persoal inclusión		76.297,00
Total		643.274,75	643.274,75

De acordo co anterior, por decreto de data 20 de xaneiro, a Alcaldía-presidencia resolve incoar o correspondente expediente de modificación orzamentaria para a

tramitación dun crédito extraordinario.

Na mesma data do 20 de xaneiro, a concelleira delegada de Economía e Facenda emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 21 de xaneiro, o interventor municipal accidental emite o seguinte informe:

“Remítese a esta intervención Xeral o expediente que regula unha modificación de presuposto (crédito extraordinario) da unidade de Persoal para facer fronte a necesidades inaprazables.

O expediente confórmao unha memoria xustificativa das necesidades e a súa evolución e a Resolución da Alcaldía Presidencia de data 20 de xaneiro de 2011 incoando o expediente, relacionando a/as aplicacións que son obxecto de minoración e as aplicacións que son obxecto de dotacións novas.

Fundamentos de Dereito.

O art. 177 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no seu apartado primeiro, prevé a posibilidade de que cando sexa necesario realizar algún gasto que non se poida demorar ata o exercicio seguinte, e non exista no presuposto da corporación crédito ou este sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario, no primeiro caso, ou de suplemento de crédito, no segundo.

O expediente que se está a tramitar, prevé as aplicacións para gastos nos que non existe crédito específico no presuposto, polo que estamos ante un crédito extraordinario.

A xustificación ou motivación da modificación de presupostos á que fai referencia o art. 177.1 do TRLRHL, atópase na propia memoria e na resolución da Presidencia, "facer fronte aos gastos nos que vai incurrir a Entidade Local para o pago de salarios e de seguridade social como consecuencia de distintas sentenzas nas que se declara unha relación laboral indefinida de distintos traballadores que viñan prestando servizos en distintos centros operativos de esta Entidade".

En cumprimento do previsto no art. 177.4 do TRLRFL, as partidas que son obxecto das aplicacións de recursos son as seguintes:

Aplicación	Concepto	Importe alta	Importe Baixa
9220.1430000	Retrib.Sentenzas relación laboral indefinida	490.535,06	
9220.1600001	SS. Sentenzas relación laboral indefinida	152.739,69	
2410.1310000	Contratación fomento de emprego		414.238,06
2410.1600001	SS. Programas de emprego		152.739,69

2310.1310001	Retribucións persoal inclusión		76.297,00
Total		643.274,75	643.274,75

Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria 2/2011 por un importe de 643.274,75 euros, ten a súa orixe en baixas doutras partidas, nas que a propia memoria xustifica a súa minoración.

Os créditos que se propoñen como fonte de financiamento non están retidos nin comprometidos, polo que son reducibles. As orixes e as aplicacións están equilibradas, dando así cumprimento á efectiva nivelación da modificación presupostaria.

En canto á aplicación dos fondos e ó seu destino, non supón en ningún caso a execución das sentenzas que deron lugar ó rexurdimento das relacións laborais inferidas, senón que sen máis, supón a consolidación orzamentaria das necesidades de financiamento que se impoñen polas sentenzas recaídas.

En relación co anterior, de non proceder de forma xustificada ao despido dos traballadores, haberá que crear as prazas e modificar a RPT, e someter as mesmas ó procedemento de provisión legalmente establecido, o cal se deberá facer o mais axiña posible, de cara a executar en termos orzamentarios, xurídicos e de cadro de persoal a execución das sentenzas.

Estabilidade Presupostaria.

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no art. 165 do TRLRL e ao contido do art. 4 do Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade presupostaria, na súa aplicación ás entidades locais e ao capítulo iii do Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de estabilidade presupostaria, as entidades locais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus presupostos axustándose ao principio de estabilidade presupostaria. Entenderase que se deberá axustar ao principio de estabilidade presupostaria calquera alteración dos presupostos definitivamente aprobados.

Aínda tendo en conta que o art. 16.3 do Real decreto 1463/2007, establece que o informe sobre a estabilidade presupostaria se emite de forma independente, dada a claridade e transparencia que se dá neste expediente sobre a estabilidade presupostaria, xa que as aplicacións que son obxecto de incrementos correspóndense co Capítulo I do estado de gastos e son financiadas con baixas do Capítulo I, non procede realizar axuste ningún, relacionándose as partidas de orixe e de aplicación nos cadros resumes anteriores.

Entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os presupostos iniciais ou, no seu caso, modificados, alcancen, en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais o obxectivo de equilibrio ou superávit. A modificación de

presupostos que se está a tramitar cumpre co obxectivo de estabilidade presupostaria, atopándose en equilibrio por ser o gasto non financeiro das aplicacións igual o das orixes.

Tramitación

Unha vez aprobada inicialmente a modificación presupostaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, logo de anuncio en Boletín Oficial de Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpor reclamacións.

De non se presentar reclamación ningunha no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose á súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

De presentarse reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a súa proposta de resolución así como a aprobación definitiva da modificación presupostaria ao citado órgano.

Conclusión

En consecuencia co anterior, esta Intervención Xeral Accidental informa favorablemente o expediente de modificación de Presupostos nº (2/2011), por un importe de 643.274,75 euros, por axustar o seu contido ao previsto no TRLRFL, ao Real decreto 1463/2007 e Real decreto legislativo 2/2007, sendo os órganos, tanto o proponente como o que debe adoptar a resolución os competentes de acordo ao previsto na Lei 7/1985, de 2 de abril, como as delegacións de competencias vixentes.”

A comisión informativa de Réxime Interior, en sesión do 24 de xaneiro, ditamina favorablemente a proposta citada.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira,

López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, acórdase: Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 2/2011 por un importe de 643.274,75 euros, có desglose e aplicacións que figuran na Resolución da Alcaldía-Presidencia do 20 de xaneiro de 2011 e que se reproduce, así como a memoria motivadora da tramitación do expediente.

En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, a partida que é obxecto das aplicacións de recursos é a seguinte:

Aplicación	Concepto	Importe alta	Importe Baixa
9220.1430000	Retrib. Sentenzas relación laboral indefinida	490.535,06	
9220.1600001	SS. Sentenzas relación laboral indefinida	152.739,69	
2410.1310000	Contratación fomento de emprego		414.238,06
2410.1600001	SS. Programas de emprego		152.739,69
2310.1310001	Retribucións persoal inclusión		76.297,00
Total		643.274,75	643.274,75

Segundo.- Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria 2/2011 por un importe de 643.274,75 euros, teñen o seu orixe en baixas doutras partidas, nas que a propia memoria xustifica a súa minoración.

Terceiro.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Cuarto.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Quinto.- De presentarse reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

Explicación de voto do Sr. Conde Gil polo Grupo Popular:

O motivo de abstermonos neste punto é claro. Aprobouse polo goberno municipal

un orzamento non hai nin dous meses e xa estamos coa segunda modificación de crédito neste ano. Ademais este é un tema que se coñecía no momento da aprobación do orzamento e malia iso non o incluíron pola deficiente xestión que ten este goberno municipal.

Por outra banda sorprende tamén, e volvemos insistir sobre este tema e descubriremos todo o que haxa que descubrir sobre o mesmo, que existan servizos xurídicos, de Intervención e de Secretaría neste Concello e que, por veren como solucionar este tema, se recorra a pedir un informe á Universidade de Santiago de Compostela, habendo tamén por outra banda Universidade en Vigo de Dereito, clama ó ceo. Volven utilizar outra vez o sistema de menosprezar ós profesionais desta Casa en beneficio de informes externos que ó final non van achegar ningún tipo de solución extra ó que xa por outra banda foi informado en reiteradas ocasións tanto pola responsable de Recursos Humanos como polo propio interventor deste Concello.

Creemos que novamente estamos diante dun caso de improvisación, de desprezo ós responsables administrativos desta Casa e por iso non podemos votar a favor desta modificación.

Un orzamento que entrou en vigor o 1 de xaneiro deste ano xa se modificou en dúas ocasións, esta é a modificación orzamentaria número 2/2011. Isto denota que o Concello de Vigo dende que goberna o Sr. Caballero ocupa un dos últimos postos en xestión municipal a nivel nacional.

MOBILIDADE

3.5.- (8).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA PRÓRROGA DE REGULACIÓN DE QUENDAS DE DESCANSO NO SECTOR DE AUTOTAXI DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 78050/210.

ANTECEDENTES.- A xefa do Servizo de Transportes, coa conformidade do concelleiro delegado, con data 19 de xaneiro de 2011 emite o seguinte informe:

“O Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria realizada o día seis de setembro de 2010, adoptou o acordo de aprobar definitivamente a Disposición

Complementaria para a regulación de quendas de descanso no sector do Auto Taxi.

REGULACIÓN LEGAL :

No numero 1) da citada disposición se establece o descanso obrigatorio de autotaxis durante un período de proba de tres meses .

No numero 6) da mesma se establece que, finalizado o período de proba de tres meses, se o resultado fose satisfactorio para o sector e o solicitase unha representación maioritaria do mesmo, por acordo do Pleno da Corporación poderá prorrogarse o descanso obrigatorio.

SOLICITUDE DE PRORROGA:

Como queira que o período de proba esta próximo a finalizar, ao terse iniciado o 19 de outubro, a Asociación Provincial de Auto-patróns do Taxi presenta escrito na data 14 de xaneiro do presente ano, no que solicita a prorroga con carácter indefinido da medida adoptada ante a grave crise de traballo, sen prexuízo de que no futuro poida ser modificada a medida. Achegan á solicitude os resultados da enquisa realizada entre a totalidade dos auto-patróns do sector na que participaron 342 titulares de licenz , dos que 227 votaron a favor e 114 en contra (votos a favor: 66,4% dos votos emitidos).

ESCRITO DE ALEGACIÓNS DA ASOCIACIÓN PROFESIONAL PROVINCIAL

Na data 13 de xaneiro de 2011, a Asociación profesional provincial de autotaxis de Pontevedra presenta escrito de alegacións no que, ante a próxima finalización do período de proba, formula as seguintes alegacións :

- Que a Asociación representa a 153 profesionais con licenza de autotaxi da cidade de Vigo.
- Que recorreu o citado acordo estando o recurso contencioso en tramite ante a Sala segunda do TSXG como procedemento ordinario 4479/2021.
- Que os asociados consideran que non debe prorrogarse a medida de paralización obrigatoria .
- Que o principio que preside a ordenación e regulación do servizo publico de autotaxis e garantir a mellor prestación do mesmo aos cidadáns e que non só non se acadou, senón que se produciron momentos de desabastecemento e falta de vehículos nas paradas
- Que solicitan que se adopte o acordo de non prorrogar as medidas acordadas e quede sen efecto a Disposición complementaria para a regulación de quendas de descanso no sector de Autotaxi da cidade de Vigo .

Do exame das alegacións presentadas infórmase o seguinte:

No escrito presentado a Asociación afirma que representa a 153 auto-patróns pero non o xustifica nin presenta documentación dos citados auto-patróns nos que manifesten a súa oposición á medida adoptada .

Pola contra na solicitude presentada en data 14 de xaneiro achéganse os votos nominativos de 227 auto-patróns titulares de licenza a favor da prorroga da medida adoptada, así como os votos en contra 114, polo que de conformidade co establecido no numero 6 do acordo adoptado, se así o solicitase unha representación maioritaria do sector poderá prorrogarse o descanso obrigatorio, representando os votos a favor un 66,4 % dos votos emitidos.

En canto a que non se acadaron os obxectivos perseguidos e que se produciu unha falta de vehículos nas paradas, esta afirmación non a xustifican nin se corresponde coa realidade, xa que durante o período transcorrido ate a data, non se recibiu ningunha queixa sobre falta de vehículos nas paradas nin denuncia por non prestación de servizo, a pesar de tratarse dunhas datas nas que debido as festas do Nadal a demanda debería incrementarse, apreciándose pola contra un elevado numero de vehículos permanentemente nas paradas .

Polo exposto considérase que procede desestimar a solicitude formulada pola Asociación Profesional Provincial de autotaxis de Pontevedra relativa a non prorrogar a regulación de quendas de descanso no sector de autotaxi.

A xunta de Goberno Local, en sesión realizada en data 17 de xaneiro de 2011 adoptou o seguinte acordo:

Manter o descanso obrigatorio de autotaxis da cidade de Vigo e propoñer ao Pleno da Corporación a prorroga do descanso obrigatorio de autotaxis da cidade de Vigo, de conformidade coas condicións fixadas na Disposición Complementaria para a regulación de quendas de descanso no sector de Autotaxi aprobada por acordo plenario de data 6 de setembro de 2010, publicada no Boletín Oficial da Provincia de data 29 de setembro de 2010.”

Polo anteriormente exposto, a xefa do Servizo de Transportes emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Mobilidade, na súa sesión do 24 de xaneiro, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Non adoito comezar así as miñas intervencións pero é para min unha gran satisfacción traer hoxe, de acordo co punto sexto que aprobamos no seu momento para un período de proba de tres meses do descanso obrigatorio do sector do auto-taxi en Vigo, a prórroga indefinida para seguir con ese descanso obrigatorio.

Digo que é unha especial satisfacción porque, como xa se recollía no punto cinco, a realidade é que este período de proba de tres meses foi absolutamente

positivo. No punto cinco prevíamos a posibilidade de que a Xunta de Goberno por calquera circunstancia, por falla de servizo, por se producir calquera acontecemento na cidade, puidera deixar en suspenso a medida adoptada. Pero ata tal punto funcionou ben o día de descanso que, malia acontecementos extraordinarios que houbo na cidade nestes tres meses e malia as propias datas de Nadal que esixen un mellor e un maior servizo, non foi necesario acudir a esta cláusula para ese descanso obrigatorio no seu período de tres mes.

É a mellor mostra de que foi unha decisión enormemente positiva, como tamén o amosa o feito de que por razóns legais, mentres non se realice este Pleno e mentres non se publique esta prórroga de xeito definitivo no Boletín Oficial da Provincia, xa estamos a ver como existen problemas nas paradas, hai moitos taxis nas paradas, mesmo hai algún problema de dobre fila nalgunha circunstancia o que quere dicir que estivemos absolutamente acertados.

Digo que estivemos porque realmente os principais responsables desta medida son a Asociación Provincial de Autopatróns do Taxi e a Cooperativa e por iso os quero felicitar con toda rotundidade porque, como amosa o propio resultado da votación, son os realmente beneficiados por esta medida, os que realmente traballaron por ela e non podo deixar dos felicitar e ó mesmo tempo amosar a preocupación de que o Partido Popular no seu momento se opuxera a esta medida. Agardo que reconsidere esa posición porque o éxito non puido ser maior e aí estamos para mellorar o sector do taxi na medida que estea nas nosas mans e así seguiremos ao facer.

SR. COELLO BUFILL: En tempos de crise económica e social tráenos un expediente de prórroga de descanso do taxi que significa un novo fracaso na política de xestión e de goberno en materia de transporte público, en concreto do taxi.

Dígolle isto porque a min me gustaría que este acordo que vostede presenta hoxe viñera con carácter unitario, que representara absolutamente a todos os membros das dúas asociacións.

Por desgracia non puido ser así e atopámonos con que nestes momentos é un acordo e as miñas palabras non van contradicir o que vostede dixo en canto ás votacións, pero si lle reprocho a que en época de crise, como dicía ó comezo da

miña intervención, non se xestionara coa total eficacia e eficiencia cando hai que mandar mensaxes de tranquilidade, de unidade e de sosego á sociedade cando as turbulencias económicas afectan a todos os sectores.

En consecuencia perdeuse por vostede, non por eles porque os que pagan as consecuencias son os profesionais do sector e todos temos aquí magníficas experiencias e anécdotas que coñecemos por nós mesmos ou polos medios de comunicación, a súa responsabilidade e eficacia na prestación do servizo.

Pero non puido ser así, Sr. Calviño, perdeu a oportunidade de que viñera o sector unido en troques de dividido. Iso é o que eu lle reprocho, que houbera un acordo entre todas as partes. Pero non puido ser e posiblemente foi por culpa de seu, pola do seu goberno ou non, pero queda aí ese interrogante. Era posible facer máis esforzos pero non foi así.

De todos os xeitos imos abstérmonos pero nos comprometemos con este escrito que leo textualmente: "O Grupo municipal do Partido Popular do Concello da cidade de Vigo, no caso de acadar o goberno desta cidade nas vindeiras eleccións comprométese a que nos cen primeiros días de goberno levará a cabo as seguintes accións: Primeira, non ampliación de licencias. Segunda, pactar unha fórmula máis axustada á demanda das asociacións para o descanso semanal. Terceira, realizar unha reestruturación do sector cun estudo de viabilidade técnica e económica".

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Felicítóos en principio por cambiaren a súa posición negativa cara unha medida tan imperiosa, necesaria e tan solicitada polo sector. Coido que un resultado de practicamente un 67% dos votos favorables indica que hai unha maioría moi substancial a prol desta medida. Eu que teño moitos anos de política pódolle asegurar que hai algunha xente que en absoluto se deixa convencer por moitos esforzos que se fagan. Iso é o que sucede con algúns cos que posiblemente vostedes, que eran da súa clientela, que era o que eu entendía pola súa mensaxe de voto negativo cara atender esa clientela, si poderían ter feito algo máis porque tamén ese sector que retarda a modernización do taxi se incorporara positivamente a esa medida.

Pero a min, logo de tantos anos en política, non se me ocorre convencer á Euroeconomía e ós seus tertulianos de que a democracia é unha cousa positiva, non

se me ocorrerá na vida porque sei que están noutra onda que, por certo, vostedes ás veces empurran e apoian. Como vostede saberá é perder o tempo. Penso que iso é o que sucede cun sector do taxi cada vez máis pequeno do que nos temos que felicitar.

Eu dende logo comparto totalmente esa mensaxe de sosego da súa chamada electoralista, que é o único que saben facer. Pódolles asegurar que se vostedes votaran positivamente o que xa acordamos no anterior Pleno, xa votarían vostedes o compromiso a manter as licenzas actuais. Isto xa é algo que ten comprometido este goberno actual, non se necesita agardar uns meses, vaino seguir mantendo, pode ter a completa seguridade.

Pero o grave do asunto é que de estaren gobernando vostedes amordazarían ó sector do taxi e impedirían que se pronunciase democraticamente sobre unha medida experimental, impedirían poñer na práctica tres meses de proba e amordazarían esa vontade maioritaria do sector do taxi. Ese é o problema, é o grave. De todos os xeitos felicítóos porque dalgún xeito xa están incorporados.

Volvo felicitar ó sector maioritario do taxi que está claramente por unha mellora e por unha modernización do sector e para iso van contar sempre con este goberno municipal, co Grupo socialista e seguro que co BNG porque o están a facer extraordinariamente.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, acórdase:

ACÓRDASE:

Primeiro.- Desestimar as alegacións formuladas en data 13 de xaneiro de 2011 pola Asociación profesional provincial de autotaxis de Pontevedra polos seguintes

motivos :

- No escrito presentado a Asociación afirma que representa a 153 auto-patróns pero non o xustifica nin presenta documentación dos citados auto-patróns na que manifesten a súa oposición á medida adoptada .
- Pola contra na solicitude presentada en data 14 de xaneiro achéganse os votos nominativos de 227 auto-patróns titulares de licenza a favor da prorroga da medida adoptada, así como os votos en contra de 114, polo que, de conformidade co establecido no numero 6 do acordo adoptado, se así o solicitase unha representación maioritaria do sector poderá prorrogarse o descanso obrigatorio, representando os votos a favor un 66,4 % dos votos emitidos.
- En canto a que non se conseguiron os obxectivos perseguidos e que se produciu unha falta de vehículos nas paradas, esta afirmación non a xustifican nin se corresponde coa realidade xa que durante o período transcorrido ate a data, non se recibiu ningunha queixa sobre falta de vehículos nas paradas nin denuncia por non prestación de servizo, a pesar de tratarse dunhas datas nas que debido as festas do Nadal a demanda debería incrementarse, apreciándose pola contra un elevado numero de vehículos permanentemente nas paradas .

Segundo.- Prorrogar o descanso obrigatorio de autotaxis da cidade de Vigo, de conformidade coas condicións fixadas na “Disposición Complementaria para a regulación de quendas de descanso no sector de Autotaxi” aprobada por acordo plenario de data 6 de setembro de 2010, publicada no Boletín Oficial da Provincia de data 29 de setembro de 2010.

Terceiro.- Os distintivos que permitan diferenciar aos vehículos autotaxis, aos que corresponde o descanso e o lugar de colocación dos mesmos, serán fixados pola Xunta de Goberno Local.

Explicación de voto do Sr. Domínguez Olveira polo Grupo do BNG:

Non ía intervir porque coido que a vontade deste goberno con relación a este tema a acaba de explicar perfectamente o concelleiro-delegado de Tráfico e Seguridade. Pero despois da intervención do Partido Popular gustárame dicir que nós votamos a favor deste expediente principalmente por unha razón, Sr. Coello.

Precisamente cando estamos en momentos de crise económica é cando os gobernos, xunto cos sectores económicos da nosa cidade, téñense que esforzar en traballar, dialogar e en escoitar precisamente para racionalizar os sectores económicos, para buscar aquelas medidas que consigan que a carga de traballo se reparta xusta e equitativamente e deste xeito se poidan ver beneficiados todos e todas aqueles traballadores e traballadoras que forman parte do sector. Hai unha cousa moi importante, Sr. Coello, en tempos de crise: escoitar ó sector e cando a gran maioría deste sector nos implica e nos expón, como mo expuxeron a min e tamén ó Sr. Calviño, que esta é unha medida que eles ven positiva, que vai supoñer unha maior distribución na carga do traballo e polo tanto unha maior rendibilidade económica, un goberno municipal o que ten que facer é precisamente impulsar isto e non facer políticas económicas como as que se están a facer hoxe en día por parte do goberno do Estado e por parte do goberno da Xunta de Galicia. Hai que escoitar ó sector e non só á gran banca privada e ó capital privado, hai que escoitar ós sectores públicos e por iso nós apoiamos esta medida porque para nós escoitar precisamente ó sector público vai ser sempre unha prioridade na vida económica na que estamos.

3.6.- (9).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO TEXTO REFUNDIDO DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE APARCADOIRO NA VÍA PÚBLICA MEDIANTE MÁQUINAS EXPENDEDORAS DE TICKETS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 78739/210.

ANTECEDENTES.- Con data 3 de xaneiro de 2011, a xefa do Servizo de Seguridade, coa conformidade do concelleiro delegado, emite o seguinte informe:

1.- ANTECEDENTES DE FEITO:

En cumprimento da orde de servizo do concelleiro delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade do 18.08.2010, elabórase o proxecto de modificación do texto refundido da ordenanza municipal reguladora do servizo de aparcadoiro na vía pública, mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo. Na sesión ordinaria do 13.09.2010, a Xunta de Goberno Local aprobou o

devandito proxecto.

Previo ditame favorable da Comisión Informativa de Mobilidade realizada o 20.09.2010, o Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 27.09.2010, acordou aprobar inicialmente a modificación do texto refundido da ordenanza municipal, abrindo un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

Publicouse anuncio da aprobación inicial plenaria e máis o texto completo da ordenanza no BOP nº 204, do 22.10.2010, na prensa local do 29.10.2010, así como estivo exposto no taboleiro de editos do Concello de Vigo.

Durante o período de información pública, presentouse una alegación, segundo resulta da certificación expedida pola Secretaria Xeral do Pleno en data 17.12.2010.

ALEGACIÓN: Presentada en data 26.11.2010, con nº doc. 100153871, por dona Ángela Eva Rey González, con DNI 53170211-F.

2.- NORMATIVA APLICABLE:

- CE: Constitución Española de 1978.
- LRXPAC: Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- LRBR: Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.
- LMMGL: Lei 57/2003, do 16 de decembro, Medidas para a modernización do goberno local.
- RB: Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, Regulamento de bens das entidades locais.
- ROF: Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- TRRL: Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- LALGA: Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- LSV: Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o Texto articulado da lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.
- TROXER: Texto refundido da ordenanza municipal reguladora do servizo de aparcamento na vía pública, mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo, aprobada por acordo plenario do 28 de marzo de 1996, modificada por acordo plenario do 3 de xullo de 1997.
- Ordenanza fiscal municipal reguladora das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais.

3.- ALEGACIÓN PRESENTADA POR DONA ÁNGELA EVA REY GONZÁLEZ, CON DNI 53170211-F.

CONTIDO E VALORACIÓN:

Solicita a modificación da redacción do art. 8 da OM no senso de que se concrete cantos tickets constitúen “unha morea”.

O art.8 tipifica como infracción leve “colocar na parte interna do parabrisas dianteiro do vehículo unha morea de tickets coa finalidade de inducir a confusión ao persoal denunciante”. Dita expresión constitúe un concepto xurídico indeterminado por canto constituirá infracción administrativa aquela acción realizada con mala fe sempre que se desprenda que a actuación do denunciado ten a finalidade de inducir a confusión ao persoal denunciante á hora de comprobar que o condutor colocou o ticket regulamentario do xeito disposto no artigo 7 da ordenanza.

Considerando os fundamentos expostos, propónse:

Desestimar a alegación presentada o 26.11.2010, con nº de doc. 100153871, por dona Ángela Eva Rey González, con DNI 53170211-F.

4.- COMPETENCIA MUNICIPAL:

Segundo o disposto na LMMGL 57/2003, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (art. 127.1.a) e ao Pleno Municipal a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (art. 123.1.d).

De acordo co disposto no art. 49 da LRBRL 7/1985, estase a seguir o seguinte procedemento para a aprobación da ordenanza: aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia dos interesados por un prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. Conforme co previsto no artigo 70.2 da LRBRL, a ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno, publicarase integramente no BOP entrando en vigor na data disposta na disposición final segunda, aos 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.”

Visto o anterior, a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Mobilidade, na súa sesión do 24 de xaneiro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

INTERVENCIÓN DO SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Esta é outra mostra evidente de que, por exemplo o que estivo a dicir o Sr. Conde no primeiro punto de que apoian todas as medidas positivas que poida realizar este goberno para os

cidadáns de Vigo, é unha absoluta farsa. Precisamente esta aprobación definitiva que traemos hoxe dunha ordenanza reguladora do servizo de aparcadoiro na vía pública, a coñecida como XER, é algo claramente positivo para os cidadáns e ademais neste intre de dificultades económicas.

Sábeno perfectamente, saben que este goberno logo de facer que funcionara o XER, que despois de que estivesen anos e anos incumprindo a propia ordenanza e iso que a súa obriga era cumprila e non o fixeron, non se multaba nin o 1% das infraccións que se cometían na XER, antiga ORA. Unha vez que temos resolto ese tema e para amosar claramente que o que nos preocupa é o benestar dos cidadáns pero que tamén que o servizo funciona, que non nos preocupa recadar senón todo o contrario, que o servizo funcione, traemos unha modificación, aprobación definitiva neste caso porque houbo unha alegación á que non me vou referir porque é claramente unha alegación que o único que conseguiu foi atrasar a aplicación desta ordenanza porque é dunha evidente debilidade. Hai un concepto xurídico que indica claramente cando esa morea de tickets que se poñen son para precisamente non permitir que se vexa ese ticket e polo tanto tratar de evitaren unha sanción.

Esta aprobación deixa absolutamente claro que a nosa preocupación non é recadar porque a principal mellora da modificación da ordenanza, pero non a única, é que os cidadáns sempre que o fagan dentro da hora seguinte da imposición dunha determinada sanción, evidentemente non pode ser nun tempo indefinido, poidan anulala nas propias máquinas expendedoras de tickets. Iso xa se facía cunha das posibles infraccións, a infracción de estaren máis tempo do permitido, pois agora o van poder facer tamén aqueles que estean máis de dúas horas e polo tanto estean cometendo unha infracción, que van ter que pagar 5 euros e aqueles que mesmo non puxeron ticket que van ter que pagar 7 euros evitando así as multas de 30 e 45 euros, respectivamente.

Coido que é unha boa mostra de que o que nos preocupa é o cidadán, de que estamos precisamente para que os servizos funcionen e non para recadar.

Diante disto incrivelmente vostedes se opuxeron. Saiban que unha vez que se publique no Boletín Oficial da Provincia, por suposto xa están previstos os novos sinais informativos nas máquinas expendedoras onde vai estar moi claro como se fai ese proceso de anulación porque o facemos pensando exclusivamente no

interese cidadán e en que funcione o mellor posible este servizo.

Das outras melloras só me vou referir a unha porque evidentemente é necesario que as cousas se vaian modernizando, mellorando e dando máis oportunidades ós cidadáns.

Ata que fixemos esta modificación os únicos residentes que se podían considerar ós efectos de utilizar as enormes vantaxes que ten este servizo para eles, eran os que tiñan vehículos en propiedade. Saben vostedes que agora tamén o será para os que teñan o seu vehículo en réxime de *leasing* ou *renting*, ou tamén os que usen vehículo de empresa coa que teñan unha relación laboral contractual.

Coido que son melloras que redundan en beneficio do cidadán que é o único que realmente lle preocupa a este goberno e non poñer pedras no camiño como semella que fai o Partido Popular.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, acórdase:

Primeiro.- Con base no informe-proposta da xefa de Servizo de Seguridade do 3 de xaneiro de 2011, transcrito na parte expositiva deste acordo, desestimar integramente a alegación presentada en data 26.11.2010, con nº de doc. 100153871, por dona Ángela Eva Rey González, con DNI 53170211-F.

Segundo.- Aprobar definitivamente a modificación do texto refundido da ordenanza municipal reguladora do servizo de aparcamento na vía pública, mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo (exp. nº 78739/210 de 2010), co mesmo texto da súa aprobación inicial no Pleno do 27.09.10.

Terceiro.- Ao abeiro do disposto nos artigos 70.2 Lei 7/1985, do 2 de abril,

reguladora das bases de réxime local e 196.2 do ROF (RD 2568/1986), publicar este acordo e o texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, entrando en vigor aos quince días hábiles desta publicación.

Cuarto.- Segundo o previsto nos artigos 1, 10.1.b), 25.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, 107.3, 109 e concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, 52 da LRBRL e 209 e ss. do ROF, o acordo de aprobación definitiva da ordenanza pon fin á vía administrativa e contra esta disposición xeral non caberá recurso nesta vía, podéndose interpoñer directamente, por quen se considere lexitimado/a, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do mesmo nome do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación íntegra da disposición recorrida; sen prexuízo da súa impugnación indirecta, conforme cos artigos 26 e 27 da LRXPAC 30/1992, e da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, todos os presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas mulleres vítimas da violencia de xénero.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

5.- MOCIÓNS:

5.1.- (10).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CONTRA OS RECORTES SOCIAIS DO ESTADO E DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 110/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de xaneiro, número 110/1101, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“A actual crise económica está a ser o marco idóneo para que tanto o Goberno do Estado como a Xunta de Galicia estean a levar a cabo medidas de claro carácter antisocial, que seguindo os ditados de organismos como a UE, o FMI ou a OCDE, e baixo o pretexto de reducir gastos e fomentar unha política de austeridade, están a supoñer un forte recorte das prestacións e servizos sociais e, polo tanto, un empeoramento das condicións de vida da maioría da poboación.

Neste contexto, o último paso é o anuncio do Goberno do Estado de que presentará a finais de xaneiro unha proposta de reforma do sistema de pensións. Este anuncio ven encadrado nunha campaña con numerosas declaracións tanto do Goberno como de membros e institucións destacadas da dereita económica e dos poderes financeiros que tentan amosar unha imaxe alarmista e catastrofista do sistema público de pensións, aludindo á súa futura insostibilidade, coa clara intención de crear alarma social, que é o mellor recurso para posteriormente xustificar reformas regresivas na Seguridade Social e abrir o campo a fondos de pensións privados e á privatización do propio sistema.

Así, as declaracións que os diferentes membros do goberno do Estado están a facer sobre as medidas que se contemplarán nesta reforma non poden ser máis preocupantes. Anúnciasenos o incremento da idade legal de xubilación até os sesenta e sete anos, e anúnciasenos tamén pensións de menor contía, a través da fórmula de incrementar os anos para o cómputo da contía da pensión. Estas dúas medidas, de levarse adiante, suporán un empeoramento das condicións de vida da gran maioría da poboación, ao ter que traballar máis anos e recibir unha pensión menor.

Segundo o propio ministro de Traballo e Inmigración, a reforma incluírá o atraso da idade de xubilación até os sesenta e sete anos, o que suporía a maior idade legal de xubilación dos países do noso contorno. Non é esta a medida máis acaída para fomentar o reparto do traballo e loitar contra o altísimo desemprego xuvenil, que se sitúa no 34,6% en Galicia (III trimestre da EPA).

Ademais, o goberno do Estado está a propoñer modificacións no cálculo da contía das pensións. Na actualidade a contía da pensión calcúlase en función da base reguladora da persoa cotizante nos seus últimos quince anos antes da xubilación, e o goberno propón ampliar este período até os vinte anos nunha primeira estancia, propoñendo que nunha segunda fase se eleve até os vintecinco anos. O incremento no período de cálculo diminúe a contía da pensión a percibir na maioría dos casos. Diversas persoas especialistas en economía estiman que, por cada incremento dun ano no período de cálculo da pensión, a contía descende de media nun 1%. Así, de incrementarse en cinco anos este cómputo, a pensión media dun galego ou galega, que está en 730,70 euros mensuais, descendería en 36,5 euros cada mes, e 511 euros anuais. Isto significa que ao ano, Galicia

deixará de percibir en concepto de pensións, 227,3 millóns de euros anuais. Estes descensos duplicaríanse nunha segunda fase que prolongaría este período até os vinte e cinco anos.

O BNG afirma que o actual sistema de pensións é sólido e solvente, e tamén que poden ser necesarias algunhas reformas no mesmo, pero as mesmas deben servir para corrixir os aspectos regresivos que contempla o Pacto de Toledo, pacto apoiado polo PP e polo PSOE, e que supuxo o primeiro paso para o retroceso do carácter público do Sistema de Pensións. Polo tanto o BNG oponse frontalmente á reforma tal como a ten anunciado o goberno do Estado.

Non obstante, a reforma das pensións non é o único motivo para preocupármolos. Tanto a Xunta de Galicia como o Goberno do Estado acaban de levar a cabo medidas que provocarán grandes dificultades, especialmente a aquelas persoas que se encontran en situación de desemprego e carecen de calquera cobertura económica.

Os galegos e as galegas por debaixo do limiar da pobreza ascenden a máis de 600.000 persoas. Non obstante, o número de persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) é menor de 5.000 e os orzamentos elaborados pola Xunta de Galicia para 2011, malia recoñecer que vai haber un incremento de solicitudes do 18%, para 2011, vén conxelar para 2011 as partidas dedicadas a estas persoas, como son as prestacións sociais de carácter periódico destinadas a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, como a renda de integración social de Galicia (RISGA); as axudas de emerxencia social; o servizo de asistencia no fogar e as destinadas ao financiamento dos plans concertados e de servizos sociais comunitarios, última esperanza de obter un ingreso para moitos galegos e galegas que carecen de calquera outro apoio. Ademais, o goberno do PP recorta drasticamente os recursos destinados as políticas sociais e, concretamente, as transferencias que en materia social realiza a administración galega aos concellos.

Neste contexto a supresión por parte do Goberno do Estado da axuda de 426 euros que viñan recibindo 9.000 galegos e galegas, agrava as consecuencias dos recortes sociais practicados pola Xunta de Galicia, incrementando a pobreza e agravando as desigualdades no noso país, especialmente nun momento no que os traballadores e traballadoras que perderon o seu emprego no punto máis álxido da crise (finais de 2008 e comezos de 2009) están a piques de esgotar a cobertura por desemprego.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- Instar ao Goberno do Estado a que retire a actual proposta sobre a reforma das pensións e, concretamente, que se defendan os seguintes criterios ante unha futura reforma:

- A idade legal de xubilación debe permanecer nos sesenta e cinco anos.

- O período para o cálculo da contía da pensión manterase os quince anos de cotización, podendo optarse por fórmulas que permitan seleccionar o período da vida laboral con maiores bases de cotización da futura persoa pensionista.

2.- Instar ao Goberno do Estado a manter o Programa Temporal de protección por desemprego e inserción (PRODI) co fin de asegurar que ningunha persoa desempregada quede sen cobertura.

3.- Instar á Xunta de Galicia a incrementar substancialmente a dotación presupostaria para a inclusión social e, en concreto, incrementar a contía da RISGA e das axudas de emerxencia social.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 24 de xaneiro de 2011, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A proposta do goberno do Estado en canto á reforma do sistema de pensións, de non o evitar, vai acadar sen ningunha dúbida o maior e máis importante recorte das prestacións sociais nos últimos anos. Vai acadar tamén un claro retroceso en canto ás conquistas laborais que moitos traballadores e traballadoras con moito esforzo e sacrificio acadaron historicamente.

Este recorte nas pensións, este “*pensionazo*” xustifícase argumentando que está en perigo o sistema público de pensións ou que o actual sistema público de pensións non é viable. Isto é absolutamente falso porque no ano 2010 a Seguridade Social conseguiu pechar o exercicio cun importante superávit. Superávit que todas as análises económicas apuntan que será igual tamén no 2011.

Polo tanto os que argumentan que fai falta reformar, recortar as pensións porque está en crise o sistema público, menten á poboación e agochan a razón fundamental deste recorte que non é outra que a de favorecer o negocio dos plans privados de pensións, favorecer á banca privada que esa si que é a que está premendo para que isto se faga así.

Asistimos tamén non só a recortes sociais e laborais por parte do goberno do Estado, senón tamén a unha importante política de austeridade por parte da Xunta de Galicia cara ós que menos teñen, cara ós menos favorecidos, conxelando e reducindo partidas básicas de atención á emerxencia social, etc.

Eu queredría dar dous datos que coido son importantes acerca de todo isto do recorte das pensións. Un mozo ou unha moza con este novo plan de pensións do goberno tería que empezar a traballar ós 26 anos e seguir traballando ininterrompidamente, non permitirse o luxo nin sequera de poder ir ao paro tres meses se se quere xubilar co 100% da pensión ós 65 anos.

Neste intre se oen voces por parte do público que asiste á sesión, tendo que pedir silencio a Presidencia e manifestando que de non gardar silencio, terá que suspender o Pleno.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Se analizamos os datos existentes neste momento vemos que a idade media de incorporación dos mozos e mozas a un posto de traballo está en torno ós 30 anos. Pois ben, un mozo ou unha moza que se incorpore ós 30 anos vai ser absolutamente imposible que se xubile ós 65, é máis, non se poderá permitir nin un só mes de non seguir traballando se se quere xubilar ós 67 co 100% da súa pensión.

Pero hai outro tema e outro dato moi importante. Amplíase o período de cálculo de 15 a 25 anos. É a ampliación máis brutal dos últimos cen anos. Esta ampliación significa que cada ano dos 15 a 25 que se amplían, hai datos que certifican que o poder adquisitivo das futuras pensións caerá nun 1% cada ano. Non nos esquezamos que estamos falando de Vigo e de Galicia, o país que ten as pensións máis baixas de todo o Estado.

Con todas estas medidas que o goberno do Estado coa complicidade do Partido Popular nos quere poñer, sen ningunha dúbida estamos diante dun gran “*pelotazo*” e unha vez máis para a banca privada. Esa banca que foi a que nos meteu na crise económica e que quere agora aproveitarse a custa dos cartos que xustamente gañaron os traballadores e traballadoras.

Dende o BNG pensamos que outro tipo de política laboral é posible, que hai que incidir nun sistema fiscal que sexa progresivo, que se actúe nas rendas máis altas, que se actúe nos beneficios bancarios, que se fagan políticas activas de emprego, políticas que favorezan a incorporación dos mozos e mozas ó mercado laboral e sobre todo políticas que leven racionalizar o gasto público, a non duplicar as administracións. Estas son as políticas que un goberno de esquerdas

tería que ter realizado e posto en marcha e non pregarse unha vez máis ós intereses da gran banca privada que non foi outra que a gran culpable da crise económica que estamos a padecer.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Temos unha moción na que se piden tres acordos, un fala da xubilación, outro do PRODI e outro sobre instar á Xunta de Galicia. Pero tamén temos unha emenda do Partido Popular na que por primeira vez acepta e propón instar á Xunta de Galicia a que tamén actúe no mercado de traballo.

Coido que o primeiro que debemos facer dende o Grupo Socialista é felicitarmonos polo grande acordo acadado entre o goberno, as organizacións sindicais e a patronal. Penso que é un acordo que garante o sistema e polo tanto, se o sistema está garantido, garante as pensións de todos e todas. Iso sábeno os actuais e os futuros pensionistas, tamén o saben os que propoñen esta moción que hai novas realidades.

A PRESIDENCIA: Sr. Rodríguez Díaz, por favor, garde silencio. Esta é a última advertencia ao público. En serio, á seguinte suspendo o Pleno. Continúe, Sr. Rodríguez Díaz.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Decía que hai novas realidades. A expectativa de vida é unha delas, é moito maior e polo tanto hai que intervir tamén neste aspecto. Este acordo dende logo non é ningún ataque nin ás pensións públicas, nin ós pensionistas, nin ós futuros pensionistas. Aquí se esquecen de que os bolseiros van ter dous anos recoñecidos de cotización á Seguridade Social, as mulleres que se dedican tamén á maternidade...

Sendo as dez horas e quince minutos, prodúcese unha nova alteración da orde por persoas asistentes no salón de Pleno polo que a Presidencia suspende o Pleno ata que estea en condicións de continuarse.

Sendo as dez horas e trinta e sete minutos, ó se manter a situación de desorde no salón, a Presidencia comunica a suspensión definitiva do Pleno anunciando a convocatoria dunha Xunta de Voceiros para acordar a data dunha nova sesión para rematar o resto da orde do día.

Queda pendente o resto da orde do día cos seguintes puntos:

- 5.1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CONTRA OS RECORTES SOCIAIS DO ESTADO E DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 110/1101.
- 5.2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA AOS INVESTIMENTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA EN VIGO. EXPTE. 117/1101.
- 5.3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A RECTIFICACIÓN DA ORDE DO 30.12.10 QUE ESTABLECE AS BASES PARA AXUDAS E SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO. EXPTE. 116/1101.
- 5.4.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR REXEITANDO A SUBA DAS TARIFAS DA ENERXÍA ELÉCTRICA, INSTANDO UN PACTO EN POLÍTICA ENERXÉTICA E CONXELAR AS TARIFAS DURANTE O ANO 2011. EXPTE. 114/1101.
- 5.5.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR DEMANDANDO DO GOBERNO DE ESPAÑA O MANTEMENTO DO PROGRAMA TEMPORAL DE PROTECCIÓN POR DESEMPREGO E INSERCIÓN. EXPTE. 111/1101.

6.- ASUNTOS URXENTES.

PARTE DE CONTROL

- 1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.**
 - 1.1.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.
 - 1.2.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.
 - 1.3.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 29.12.10 DE DELEGACIÓN TEMPORAL DE FUNCÍONS EN DON SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ.
- 2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.**
- 3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**
- 4.- MOCIÓNS.**

4.1.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A CREACIÓN DUN SERVIZO NOCTURNO DE GARDERÍA PARA NENOS DE 0 A 6 ANOS. EXPTE. 113/1101.

4.2.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO SE PROSIGAN OS TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN ARQUEOLÓXICA NA RÚA CELSO E. FERREIRO. EXPTE. 120/1101.

4.A. MOCIÓNS URXENTES

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

O Sr. Presidente deu por rematada a sesión ás dez horas e trinta e sete minutos, da que se redacta a presente acta; como secretaria dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.